

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE SAN AMARO NO QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA A REFORMA DO CENTRO DE SAÚDE DE SAN AMARO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

- Que o presidente do Servizo Galego de Saúde formalizou o día 16 de setembro de 2022 co concello de San Amaro o instrumento convencional arriba referido, que entrou en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 29 de decembro de 2022.
- Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de San Amaro para o financiamento das obras de reforma do centro de saúde propiedade do concello, e segundo se detalla no informe achegado por este, as obras de reforma consistirán na reparación da cuberta e do falso teito e na remodelación dos aseos.
- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.
- Que o instrumento convencional asinado se fundamenta en facilitar unha mellor resposta aos problemas de saúde da poboación, mediante actuacións que permitan mellorar as dotacións e infraestruturas adicadas á atención asistencial á cidadanía no concello en cuestión.
- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na "Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, por la que se traspone al ordenamiento jurídico español las Directivas do Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014", ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificada a sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela